



Universidade de Vigo Campus de Ourense

Diplomatura en EDUCACIÓN SOCIAL

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

DIPLOMATURA EN EDUCACIÓN SOCIAL

A Educación Social entrou na Universidade a comezos da década de 1990, integrando moitas tradicións educativas encargadas anteriormente a outras institucións non universitarias. Trátase de tradicións educativas realizadas no seo da comunidade, fóra da escola: educación no tempo libre, animación sociocultural, desenvolvemento comunitario, inserción sociolaboral, educación de adultos e educación e intervención con grupos en situación de conflito social e marxinação, co propósito de favorecer a superación das condicións que provocaron esa situación. Estes estudos están especialmente recomendados para persoas que desexan sistematizar as súas ideas sobre a acción comunitaria e educativa con estes colectivos sociais, iniciada probablemente en actividades de participación e voluntariado.

ESTRUTURA

Estes estudos son unha diplomatura, e como tal teñen só 1º ciclo, de tres anos de duración, e unha carga lectiva total de 203 créditos. Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira. Teñen unhas prácticas en institucións de 340 horas, repartidas en dous cursos.

MERCADO DE TRABALLO

O educador social pode traballar en centros dependentes da administración estatal, tales como centros penitenciarios, centros de protección e tutela de menores, centros de saúde mental, servizos de adopción etc. Na Xunta de Galicia existen unhas listas de contratación de educadores nas que se considera este titulado, e pertencen ao grupo II categoría 6, orientadas a postos en institucións dependentes desta administración (centros de menores etc.).

Este diplomado pode estar presente nos equipos de orientación específicos para educación secundaria.

Nas oficinas de servizos á xuventude dependentes da Xunta de Galicia, os informadores xuvenís poden ser educadores sociais.

Tamén poden traballar en centros de actividades de lecer para infancia e xuventude, persoas adultas e terceira idade.

Estes diplomados poden deseñar e desenvolver diferentes programas municipais: educación familiar, información xuvenil, educación de rúa, animación sociocultural, ludotecas, programas de atención á diversidade, inserción sociolaboral, educación de adultos, cultura e deporte, actividades extraescolares, persoas maiores, escolas de pais etc.

O labor do educador social nesta administración realízase tamén en centros dependentes desta, tales como: centros de día (3ª idade, infancia, muller etc.), centros de atención social a drogodependentes, escolas obradoiro, centros socioculturais etc.

Na formación profesional pode exercer como profesor na especialidade de Servizos á Comunidade, entre outras. Ademais, pode dedicarse á docencia de formación e orientación laboral e de intervención sociocomunitaria.

Tanto a formación ocupacional como os programas de garantía social son ámbitos que poden ser coordinados por estes profesionais.

No sector privado: residencias da 3ª idade, gardarías, cooperativas, ludotecas etc. O traballo por conta propia deste profesional está encamiñado fundamentalmente á prestación de servizos socioeducativos dirixidos á administración, asociacións, empresas etc. Xeralmente estes servizos concréntanse no estudo de necesidades, e no deseño e desenvolvemento de proxectos axustados aos destinatarios.

Por outra banda, é a administración local, seguida pola autonómica, a que máis postos de traballo ofrece para estes titulados.

Coa aprobación da Lei 1/2001 do 22 de xaneiro (DOG 1 de febreiro do 2001) de creación do Colexio Profesional de Educadores Sociais de Galicia, estes diplomados contarán cunha organización colexial que defenda os seus intereses.

TIPO DE ESTUDANTE

O índice de dificultade é baixo, aínda que require motivación para a realización deste estudos, en particular pola dificultade de traballo con algúns colectivos. Os que queiran dedicarse a esta profesión teñen que ter en conta que require vocación.

PASARELAS

A estes estudos pódese acceder desde:

Todas as opcións de COU

Todas as modalidades do bacharelato LOXSE

FP2 das ramas:

Administrativa e Comercial (A-U).

Sanitaria (A-H e I).

Servizos á Comunidade (todas as esp.)

Perrucaría e Estética (B).

M. prof. de nivel III das ramas:

Administrativa e Comercial (A-L e M)
 Sanitaria (todas as esp.)
 Servizos á Comunidade (A e B).
 C. form. de grao superior das ramas
 Actividades Físicas e Deportivas
 Administración (todas as esp.)
 Comercio e Mercadotecnia (todas as esp.)
 Informática (todas as esp.)
 Imaxe persoal (A)
 Sanitaria (A e B-J)
 Servizos Socioculturais e á Comunidade (A, B e C-D)

TIPO DE MATERIAS OPTATIVAS E DE LIBRE ELECCIÓN

Os créditos que o alumno debe facer de materias optativas escolleraos dentro das materias que se ofrezan para a súa propia especialidade. Os créditos que o alumno debe facer de materias de libre elección escolleraos das materias optativas ofrecidas para as demais especialidades, ademais das materias de libre elección de campus e de titulación que se ofrecen para cada curso académico.

PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Psicoloxía do desenvolvemento	T	4.5
Didáctica xeral	T	4.5
Teoría e institucións contemporáneas da educación	T	4.5
Metodoloxía de investigación socioeducativa	O	6
Filosofía social	O	6
Procesos psicolóxicos básicos para educadores sociais	O	6
Psicoloxía do desenvolvemento	T	4.5
Didáctica xeral	T	4.5
Socioloxía e antropoloxía social	T	4.5
Educación permanente	T	6
Historia da educación social	O	6
Pedagoxía social	O	6

SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Psicoloxía social e das organizacións	T	6
Deseño en formación ocupacional	O	6
Educación non formal e pedagogía do ocio	O	6
Socioloxía para educadores sociais	O	6
Optativa, elixir unha entre:	OP	6
Educación para a saúde		
Socioloxía rural e urbana		
Prácticum I	T	14
Novas tecnoloxías aplicadas á educación	T	4.5
Optativas, elixir dúas entre:	OP	6
Educación ambiental	OP	6
Educación para a paz e intercultural		
Educación social nos servizos sociais		
Xeriatría para educadores sociais		

TERCEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Intervención educativa sobre problemas fundamentais de desadaptación social	T	4.5
Programas de animación sociocultural	T	4.5
Educación de persoas adultas	O	32
Optativas, elixir dúas entre:	OP	6
Avaliación de programas de promoción social	OP	6
Intervención psicosocial en problemas sociais		6
Psicoloxía da adicción		9
Socioloxía da adicción		
Intervención educativa sobre problemas fundamentais de desadaptación social	T	
Prácticum II	T	
Optativa, elixir unha entre:	OP	
Educación e animación sociolaboral		
Traballo educativo con menores inadaptados		

LIBRE ELECCIÓN E VALIDACIÓNS POR CURSOS

Ademais das materias superadas noutras titulacións e das materias que a Universidade ofrece como de libre elección, serán validables como créditos de libre elección os cursos complementarios, seminarios e similares que sexan recoñecidos previamente pola Comisión de Organización Académica e Validacións da Universidade de Vigo. Non son validables os cursos que non cumpran este requisito.

T Troncal **OX** Optativa xeral
O Obrigatoria **LE** Libre elección
OP Optativa obrigatoria

Ficha

Titulación	Diplomatura en educación social
Centro	Facultade de ciencias da educación de Ourense
Ensinanzas	Primeiro ciclo
Nº de anos académicos	3
Curso de implantación	00/01
Data do B.O.E.	22/08/00

Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libre config.	Trab. fin. carr.	Totais
92.5	54	36	20.5	Non	203

Información

Facultade de ciencias da educación de Ourense
 Campus universitario as Lagoas s/n
 32004 Ourense
 Tfno. 988 387 100
 Fax. 988 387 159
 Correo electrónico: sdexbo@uvigo.es

Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles
 Campus de Vigo
 36310 Vigo (Pontevedra)
 Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639
 Correo electrónico: siope@uvigo.es
 www.uvigo.es